

Programación

Titulación	Estudos Superiores en Deseño de Produto
Materia	Proxectos de produtos e de sistemas
Disciplina	Traballo de fin de estudos ¹
Curso	Cuarto
Carácter	Obrigatoria da especialidade
Tipo	Teórico-Práctica
Docente	Titores
Ano académico	2017-2018

TRIBUNAL do T.F.E.:

Titores/as

1º Cuadrimestre

2º Cuadrimestre

¹ A presente programación recolle integramente a *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia* en todo o relativo a TFE.



Índice

1. Identificación e contextualización	3
2. Organización dos contidos	3
2.1 Bloque temático (único) - Traballo Fin de Estudos.....	3
2.2 Desenvolvemento do TFE	4
2.3 Organización, supervisión, tutela e cualificación	4
2.4 Matricula e promoción	5
2.5 Temporalización.....	6
2.6 Calendario	6
2.6.1 1º Cuadrimestre.....	6
2.6.2 2º Cuadrimestre.....	7
3. Avaliación	8
3.1 Criterios de avaliación	8
3.2 Procedemento	8
3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	8
4. Desenvolvemento do proxecto	9
4.1 ANTEPROXECTO para os/as titores/as	9
4.2 PROXECTO de Execución para o Tribunal	10



1. Identificación e contextualización

Idiomas	Galego / Castelán / Inglés
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	
Correo electrónico	
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS:18 Horas totais: 450 Horas de titoria semanais: 4 Horas de titoria no curso: 60 Horas de traballo non presencial na escola: 390
Descritores	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración dun deseño orixinal dirixido ao ámbito da produción industrial no que se apliquen e integren os coñecementos e competencias adquiridas nas diversas disciplinas do Grao en Deseño.• Análise, definición e resolución dos aspectos conceptuais, estéticos e técnicos e verificación da viabilidade do proxecto.• Codificación e transmisión da información gráfica e técnicas na planificación das distintas etapas da produción industrial do proxecto.

2. Organización dos contidos

2.1 Bloque temático (único) - Traballo Fin de Estudos.²

1. O alumnado do TFE deberá **propoñerlle ao departamento** da familia profesional correspondente que estea cursando, nos prazos que para cada curso escolar se determinen desde a Área de Formación da escola, e achegando a documentación necesaria, **o traballo ou tema concreto que pretende desenvolver**. O departamento, vistas as propostas do alumnado, propondrá a xefatura de estudos a asignación de titor/a, e determinará a idoneidade do proxecto presentado en función dos requisitos exixibles. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo/a titor/a, ou formular unha nova proposta, no prazo sinalado polo departamento.

2. Durante a realización do TFE, o alumnado poderá dispoñer dos espazos, instalacións e medios precisos existentes no centro, coa tutela do/da docente que exerza a función de titor/a, e en horario e calendario que a xefatura de estudos determine.

² Artigo 35. Aspectos xerais do TFE



3. Como parte integrante do TFE, o alumnado presentará unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta nun idioma estranxeiro.

4. A presentación e defensa do TFE poderá ser recollido en soporte dixital. En calquera caso, as gravacións obtidas quedarán perfectamente identificadas, catalogadas e arquivadas para os efectos de atender calquera reclamación.

2.2 Desenvolvemento do TFE³

1. O TFE consistirá no desenvolvemento completo **dun proxecto orixinal e inédito** da especialidade das ensinanza superior de Deseño correspondente, coa execución material daquelas partes del que o tribunal encargado da súa organización, desenvolvemento e avaliación determine, cos condicionantes previos, de información, de redacción, de execución e de viabilidade técnica e económica o máis semellantes posible ás do ámbito laboral, social, económico, cultural e produtivo real.

2. O tribunal encargado da organización, desenvolvemento e avaliación do TFE, atendendo ás instrucións ao respecto acordadas polo departamento da familia profesional da especialidade correspondente informará por escrito ao alumnado das partes que integran o TFE, especificando a documentación que forma parte de cada unha delas, sexan documentos gráficos, dixitais, desenvolvementos volumétricos dixitais ou reais, e o tipo de soporte en que deban ser presentados e o seu formato, incluída a memoria xustificativa sinalada no artigo 35.3 desta orde, e do calendario, horario e forma de entrega do TFE.

3. O alumnado do TFE deberá expoñer o seu TFE perante o tribunal en sesión pública, durante un máximo de vinte minutos, utilizando para iso os medios que xulgue oportunos, e o tribunal poderá formularlle ao alumnado preguntas ou solicitar aclaracións sobre o seu TFE durante un tempo máximo de dez minutos.

4. A avaliación do TFE consistirá na constatación dos coñecementos que o alumnado amose dos contidos propios da especialidade, e da valoración do nivel acadado nas de competencias transversais, xerais e específicas establecidas para esta disciplina no anexo I do Decreto 172/2015, do 29 de outubro.

2.3 Organización, supervisión, tutela e cualificación⁴

1. Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado, preferentemente, por docentes da especialidade correspondente, nomeado pola dirección do centro, por proposta da xefatura de estudos deste, que estará integrado, cando menos, por un/unha presidente/a, un/ha secretario/a e un/ha vogal. Así mesmo, a dirección do centro nomeará un tribunal suplente. Sempre que a dispoñibilidade do profesorado do centro o permita, os/as docentes que desempeñen a tutela do alumnado no TFE non poderán formar parte do tribunal cualificador deste.

2. A Área de Formación da escola establecerá, no capítulo III do Plan anual, os criterios para o desenvolvemento do TFE en cada curso escolar, que se integrará no Plan anual, e que conterá, cando menos, os seguintes aspectos:

³ Artigo 36. Desenvolvemento do TFE

⁴ Artigo 37. Organización, supervisión, tutela e cualificación



- a) Prazo/s, condicións e documentación precisa para a presentación e defensa das propostas de traballo por parte do alumnado, calendario e horario de defensa das propostas.
- b) Asignación de titor/a do TFE a cada alumno/a, e horario semanal de atención por parte do/da titor/a, segundo dispoñibilidade do profesorado.
- c) Calendario de realización, prazo e forma de entrega do TFE, calendario e horario de exposición e defensa destes.

3. O alumnado do TFE contará coa tutela dun/dunha profesor/a da especialidade durante catro horas á semana durante o cuadrimestre correspondente, en horario que será determinado pola xefatura de estudos, oído o equipo docente da especialidade e en función das súas necesidades de organización xeral.

4. Previamente, en data que determine o tribunal cualificador do TFE, os/as titores/as do alumnado que presente o TFE para a súa avaliación e cualificación, deberán achegar informe individualizado para cada alumno/a tutelado/a, en relación co da tutela realizada, con indicación da asistencia do/da alumno/a aos horarios de tutela establecidos, grao do seguimento das indicacións dadas e cantas outras circunstancias consideren significativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.

5. A cualificación do TFE será a media aritmética das cualificacións emitidas polos/as integrantes do tribunal presentes na sesión de cualificación. Cando entre as puntuacións outorgadas exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima e calcularase a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

6. A cualificación no TFE exprésase en termos numéricos segundo a escala de 0 a 10 cun decimal. No caso de que a cualificación obtida polo alumnado resulte con máis de dous decimais, redondearase aos dous decimais por exceso. Á cualificación numérica engadiráselle a cualificación cualitativa segundo a relación establecida no artigo 31.1 desta orde. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as restantes. A acta incluírá un informe do tribunal elaborado para tales efectos.

2.4 Matricula e promoción

Artigo 10. Matrícula

O alumnado matricularase no Traballo Fin de Estudos (TFE) ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuadrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico.

7. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a matrícula no traballo fin de estudos (TFE) ao alumnado con disciplinas pendentes, agás que as disciplinas pendentes pertencen á materia de Proxectos de Deseño Gráfico, Proxectos de Deseño de Interiores, Proxectos de Deseño de Moda e Indumentaria e Proxectos de Produtos e de Sistemas, e sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18.

Artigo 12. Promoción

1. O alumnado das ensinanzas superiores de Deseño disporá, con carácter xeral, de catro convocatorias para a superación das diferentes disciplinas integradas nestes estudos, agás nas disciplinas de prácticas externas (PE) e no traballo fin de estudos (TFE), nas cales soamente disporá de dúas convocatorias.



2.5 Temporalización

Curso 2017-2018

Convocatoria Extraordinaria (outubro - febreiro)

Convocatoria Ordinaria (febreiro-xuño)

2.6 Calendario

2.6.1 1º Cuadrimestre

Reunión co departamento de deseño de produtos

Primeira presentación dos anteprojectos

Venres 6 de outubro ás 11:00, na aula 31a

1. O alumnado presentará toda a documentación relativa ao proxecto que pretende desenvolver en forma de Anteprojecto coa documentación precisada no punto 4.1
2. O departamento indicará o calendario de realización, prazo e forma de entrega do proxecto/ TFE, calendario e horario de defensa dos mesmos. Tamén o horario semanal de atención dos/as titores/as en función da súa dispoñibilidade.

Data de presentación de anteprojectos (segunda convocatoria)

Venres 20 de Outubro as 11 horas na aula 31ab

Soamente pode optar a esta segunda convocatoria o alumnado que presente un anteprojecto o día seis e rexeitouse.

Asignación definitiva de titores do TFE a cada alumno/a que se lle acepte o anteprojecto

Data de entrega do TFE

Venres 2 de febreiro, ata as 14:00 na Secretaría da EASD.

Data da defensa do TFE

Venres 9 de febreiro, a partir das 11:00 no Salón de Actos, por orde alfabética.

Publicación cualificacións

Xoves 15 de febreiro.

Prazo de renuncia de convocatoria

Ata o 29 de xaneiro, por escrito dirixido ao Director.



2.6.2 2º Cuadrimestre

Reunión co departamento

Venres 16 de febreiro ás 11:00, na aula 31a

Presentación dos anteprojectos:

1. O alumnado presentará toda a documentación relativa ao proxecto que pretende desenvolver en forma de anteprojecto: coa documentación precisada no punto 4.1
2. O departamento indicará o calendario de realización, prazo e forma de entrega do proxecto/ TFE, calendario e horario de defensa dos mesmos. Tamén o horario semanal de atención dos/as titores/as en función da súa dispoñibilidade

Data de presentación de anteprojectos (segunda convocatoria)

Venres 22 de marzo as 11 horas na aula 31ab

Soamente pode optar a esta segunda convocatoria o alumnado que presento un anteprojecto o día dezaseis e rexeitouse.

Asignación definitiva de titores do TFE a cada alumno/a que se lle acepte o anteprojecto

Data de entrega do TFE

Venres 8 de xuño, ata as 14:00 na Secretaría da EASD.

Data da defensa do TFE

Venres 15 de xuño, a partir das 11:00 no Salón de Actos, por orde alfabética.

Publicación cualificacións

Luns 18 de xuño.

Prazo de renuncia de convocatoria

Ata o 31 de maio, por escrito dirixido ao Director.



3. Avaliación

3.1 Criterios de avaliación

- Aplicación e integración dos coñecementos adquiridos en tódalas materias do plan de Estudos realizado
- Análise e definición dos aspectos conceptuais que definen a proposta presentada.
- Resolución dos aspectos técnicos e verificación da viabilidade do proxecto.
- Codificación e transmisión da información gráfica e técnica necesaria.
- Planificación das distintas etapas da produción industrial e ciclo de vida do produto.

3.2 Procedemento

A cualificación do Proxecto **é global e única**, tendo en consideración tódolos contidos elaborados individualmente e a súa defensa oral.

A cualificación final será a media ponderada das cualificacións obtidas nos apartados do anteprojecto, proxecto e a súa defensa oral:

Resolución do anteprojecto		
Creatividade e resolución de problemas	Capacidade práctica de resolución de problemas mediante a aplicación de métodos creativos e presentación da proposta razoada ao tribunal/titores.	20%
Resolución do proxecto		
Fase de Análise do proxecto y realización de estudos	Realización de estudos de simulación, animación, sustentabilidade, etc... Estudios sociolóxicos, antropolóxicos, legais, etc...	20%
Desenvolvemento gráfico do proxecto	Aplicación práctica das habilidades gráficas: Competencias en debuxo técnico, artístico y color. Deseño gráfico e Imaxe visual do produto	20%
Desenvolvemento técnico del proxecto	Redacción da memoria técnica, programacións, prego de condicións, procesos de fabricación, fichas de materiais, escandallos e orzamentos	20%
Documentos e materiais entregados / Defensa		
Memorias e presentacións visuais	Redacción da documentación, maquetación e aplicación da tecnoloxía dixital na presentación e defensa dos proxectos	20%

IMPORTANTE: Un/unha alumno/a non pode continuar na seguinte convocatoria a realización do mesmo proxecto.

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación consideran o cumprimento dos obxectivos desta materia.

O criterio xeral é elaborar un **deseño orixinal** dirixido ao ámbito da produción industrial e con entidade suficiente a xuízo do Tribunal, realizado individualmente polo alumno, co fin de demostrar que está capacitado para desempeñar unha actividade profesional no campo do deseño de produtos.

E os criterios específicos, en consonancia cos criterios anteriormente relacionados son:

- aplicar e integrar os coñecementos adquiridos nas diversas materias dos Estudos



- analizar, definir e resolver os aspectos conceptuais, estéticos e técnicos e verificar a viabilidade do proxecto
- codificar e transmitir correctamente a información gráfica e técnica necesaria na planificación das distintas etapas da produción industrial do proxecto.

4. Desenvolvemento do proxecto

Aos efectos académicos e de seguimento del TFE establécense as fases seguintes:

1. Anteprojecto
2. Proxecto para a execución

As dúas fases aparecerán integradas no proxecto que se presentará ante o tribunal do modo e xeito que se especifica mais adiante. Sobre a base do encargo o alumno determinará as especificacións do produto a desenvolver e efectuará as investigacións oportunas de todo tipo para poder establecer o anteprojecto que poderá ser aceptado ou rexeitado polos/as titores/as do TFE.

4.1 ANTEPROXECTO para os/as titores/as

O anteprojecto que **deben aceptar os/as titores/as como directores do mesmo** se compón dos seguintes apartados que serán completados e mellorados no Proxecto Final.

1. Memoria xeral
2. Anexos
3. Planos

Uno: A memoria xeral debe ter os seguintes apartados:

1. Identificación do deseñador/a, centro de desenvolvemento...
2. Memoria descritiva (Identificando as necesidades, definir o campo de aplicación do obxecto e o seu mercado obxectivo, establecendo as especificacións do produto a deseñar, os seus valores, ideais e os admisibles.)
3. Memoria xustificativa das solucións presentadas cos bosquexos das sucesivas ideas exploradas.
4. Normativa de aplicación aos produtos tema do proxecto que ten que conter a relación de la normativa sectorial, autonómica, Nacional y/o Europea que afecte ao proxecto.

Dos: Nos Anexos se deben indicar e cuantificar a relación de estudos que se van a realizar:

1. Estudos sociais, culturais, ambientais e estruturais dos ámbitos implicados (base socio-antropolóxica)
2. Estudos ergonómicos e antropométricos
3. Simulación, Sostenibilidade, etc...



4. Modelos e maquetas de estudo (físico ou dixitais)

Tres: os Planos deben caracterizar dun modo xeral os produtos a realizar

1. Planos xerais de tódalas pezas proxectadas
2. Axonometrías e/ou renderizados (cos estudos previos de cor e textura)

4.2 PROXECTO de Execución para o Tribunal

O Proxecto para a execución e defensa pública deberá conter cantos datos, razoamentos e conclusións como sexan necesarios para a descrición correcta e interpretación inequívoca do obxecto deseñado, tanto gráficas como escritas, e **axustarase en todo a norma de presentación UNE 157001 e normas alí relacionadas.**

A maiores a memoria incluirá:

1. unha "*declaración*" de onde o autor ou autora do proxecto asine que tódolos deseños e investigación son orixinais.
2. tódolos arquivos dixitais coas pezas deseñadas, renderizados, etc...

NAS CONVOCATORIAS DO PRESENTE CURSO ESCOLAR

- NON SE ESTABLECEN DOUS PRAZOS DE ENTREGA: O DÍA SINALADO HAI QUE ENTREGAR TODA A DOCUMENTACIÓN, AS MAQUETAS ELABORADAS E A PRESENTACIÓN.
- AS PRESENTACIÓNS QUEDARAN COLGADAS NA PAXINA WEB DESTA DISCIPLINA OU NO SEU DEFECTO UN ENLACE COA PÁXINA WEB DO/A DESEÑADOR/A COA A MESMA.